



OURENSE, A VINTE E TRES DE DECEMBRO DO DOUS MIL VINTECATRO.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 57-2024 / TEMPADA 2024-25

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA MIXTA; CADETE

Equipos participantes: RC NÁUTICO DE VIGO - C.W. LUGO

Día, hora e lugar: 15/12/24; 16:30; NÁUTICO DE VIGO

FEITOS

ÚNICO: O día 16/12/24 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

*"No minuto 4:38 do 3º período detense o partido despois de que o xogador local n.º 4, D. Diego Quintana Ribeiro se achegue ao borde da piscina berrando e cubrindo a cara coas mans. Unha vez detido o partido, os colexiados comprobán que está sangrando abundantemente por mor dun golpe na mandíbula, tendo os dentes fóra de sitio. Nese momento o adestrador local chama ao seguro federativo para autorización de traslado a urxencias (remitirase informe de urxencias) e o xogador afectado é atendido pola socorrista da piscina. Mentres están agardando a que veña a ambulancia solicitada, o xogador n.º 3 visitante, D. **Jose Manuel Pena Rivas**, achégase ao xogador local e en presenza do árbitro dille as seguintes verbas: "Lo siento mucho, no controlé. Es que*

mi entrenador me dijo que si alguien me ganaba la posición, rodillazo en la cara". Acto seguido, é apercebido polo árbitro alí presente e vaise cun membro do seu equipo. O partido permance suspendido durante 45 minutos á espera da ambulancia. Unha vez abandonada a instalación o xogador afectado, reanúdase o encontro coa expulsión do xogador n.º 3 visitante, D. Jose Manuel Pena Rivas, con substitución definitiva por acto violento (brutalidade), élle amosada a tarxeta vermella e abandona a instalación. O partido remata con 45 minutos de retraso, afectando ao inicio dos seguintes encontros da xornada, pero sen máis incidencias."

FEITO SEGUNDO: O día 17 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles

FEITO TERCEIRO: Realizáronse as seguintes alegacións, que se recibiron o día 19:

"Dadas las declaraciones que se reflejan en el acta, queremos dejar muy claro que el Waterpolo Lugo no forma a sus jugadores para cometer actos que sobrepasen los límites de lo deportivo. Somos muy conscientes de que el deporte debe servir para inculcar valores en los más jóvenes y nuestro principal objetivo es que los deportistas disfruten del deporte con una actitud de respeto absoluto a compañeros y rivales."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos son constitutivos dunha infracción **GRAVE** do art. 6. I. 1. epígrafe "E": *Os actos notorios e públicos que atenten ao decoro ou dignidade deportiva.*

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer a xogadores, con base no artigo 8 son:

- a) *Inhabilitación a perpetuidade*
- b) *Suspensión temporal. Privación da licenza federativa*
- c) *Amoestación.*

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: A sanción que se contempla para infraccións graves no art. 9 son, entre outras, e en relación cas contempladas no artigo 8:

- a) *Suspensión ou inhabilitación, ou privación da licenza federativa, dun mes a dous anos, ou de catro ou máis encontros en unha mesma tempada.*

FUNDAMENTO DE DEREITO QUINTO: Non concorrendo circunstancias agravantes nin atenuantes, corresponde aplicar a pena na metade inferior do marco penal abstracto estipulado para a pena de suspensión, inhabilitación, ou privación da licenza federativa. Sendo o marco penal abstracto dun mes a dous anos, a metade inferior do marco penal abstracto sería o que vai dun mes, a un ano e quince días. É dicir, calquera pena dentro deste arco de tempo sería válida, proporcional, e conforme a dereito para o presente caso.

Consultada unha cirurxiá oral indica con carácter informal, a este Xuíz Único, que en casos similares de traumatismos dento-alveolares (sempre e cando non se produza a perda das pezas dentais) o habitual e "cerulizar" os dentes e realizar probas de vitalidade mensuais durante tres-catro meses para confirmar a necesidade, ou

non, de tratamento endodónico. É dicir, que como mínimo, o xogador prexudicado non volvera poder xogar como mínimo en catro-cinco meses. Resultaría dunha extrema inxustiza, dende o prisma do principio retributivo que ten que ter toda pena, que o xogador que provocou o dano ca súa actitude carente de deportividade, tornase a xogar antes co xogador que sufriu o dano inxusto.

Porén considero prudente que a pena, dentro do marco temporal concreto a aplicar, mais adecuada o presente caso, sería como mínimo de tres meses de privación da licenza federativa.

A vista do feito que motivou a presente acta sancionadora, non se pode deixar de evidenciar a necesidade de que dende os clubs se faga un esforzo para que as actitudes no terreo de xogo sexan as máis excelentes; especialmente no caso de cadetes. En primeiro termo, por razóns obvias, polos beneficios ca actitude deportiva ten para os xogadores a hora de practicar deporte así como a hora da súa extrapolación a vida cotiá. En segundo termo, porque estas actitudes poden ter consecuencias nefastas, xa non para os prexudicados das mesmas senón, para os propios xogadores que as levan a cabo.

RESOLUCIÓN

Impor a **JOSÉ MANUEL PENA RIVAS**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN GRAVE**, computada na súa metade inferior consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN TEMPO DE TRES MESES**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente